


ADULTOS



ERRI DE LUCCA. **Montedidio**. Ed. Rinoceronte. Itinerario vital cara á medurez dun rapaz dun pobre e sucio barrio de Nápoles. Baixo esa suciedade asistimos ó primeiro bico, ó primeiro amor, ó sentimento, á poesía, a

KATE MORTON. **El jardín olvidado**. Ed. Suma

A piques de empezar a 1ª Guerra Mundial, unha nena é abandonado nun barco con destino a Australia. Unha misteriosa muller, chamada a Autora prometeu coidar dela, pero a Autora desaparece sen deixar rastro.




MARÍA DUEÑAS. **El tiempo entre costuras**. Ed. Temas de hoy.

Apaixonante aventura da costureira Sira entre talleres de alta costura, glamur de grandes hoteis, conspiracións políticas, obscuras misións dos servizos secretos, a lealdade hacia as persoas que quere e o poder irrefreable do amor.



JULIA NAVARRO. **Dispara, yo ya estoy muerto**. Ed. Plaza & Janés.

Palestinos... xudíos... os Ziad e os Zuker. A relación entre unha familia xudía e outra palestina, xeneración tras xeneración, dende finais do século XIX ata a actualidade. "A Horta da Esperanza" é posible.



"Xuntei o vento frío coa auga-neve,
xuntei a noite negra coa xiada,
e vin un neno espido nun pesebre.

Que misterio máis fondo, que aventura:
o neno non quería
gozar de outros irmaus, nin de outra
axuda.

Por algo estaba alí, por algo estaba
tan lonxe da riqueza gasalleira,
tan perto da probeza desolada.
Por algo os pastoriños se achegaron.
e si o vento pasou tan paseniño
cantando soavemente, foi por algo.

Por algo era María unha artesán,
cando podía sere si quixera,
primeira dama, esposa principal.
Por algo era Xosé un carpinteiro
de fortes, reas maus encallecidas
na garlopa, na trencha e no martelo.

Xuntei tódolos orfos nun só berce,
xuntei as inxusticias cos aldraxes
e púxenos de ofrenda nun pesebre.
¿Quen foi o que roubou o meu presente?"

Belén, ano cero. Celso Emilio Ferreiro

NADAL 2013





O Equipo de Biblioteca do IES de
Monterroso deséxavos a todas/os
UN NADAL DE FELICES LECTURAS



PRIMEIRO CICLO ESO

NELSON MANDELA. Mis cuentos africanos. Ed. Siruela

A nosa homenaxe ó grande líder africano anti-apartheid.



CARMEN MONTALBÁN. Estás na lúa. Ed. Kalandrák

Baraka é unha nena de doce anos que vive no deserto do Sahara coa súa nai, a súa tía e a súa avoa, que está perdendo a memoria.

CAROLIN PHILIPPS. El árbol de las lágrimas. Ed. Editex.


Luca contrata os servizos dun "coyote" para cruzar a fronteira de México e EEUU, nun desesperado intento por chegar aos Ánxeles onde vive parte da súa familia.



SAINZ DE LA MAZA-HERNÁNDEZ RIPOLL. Cuentos de todos los colores. Ed. RBA

Relatos tradicionais de todos os recunchos do mundo. Soñar e viaxar sen moverse da casa.

SEGUNDO CICLO ESO




ROSA ANEIROS. Ámote Leo A. Ed. Xerais.

Catro amigos e unha gran viaxe. Este era o plan de Leo ao rematar os estudos universitarios. Todo se esboralla uns meses antes de partir, cando os seus colegas se botan atrás e Leo debe afrontar unha decisión transcendental: desistir ela tamén ou marchar soa.

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ. As fronteiras do medo. Ed. Rodeira

Seis historias que traspasan as "fronteiras do medo".



JACQUELINE KELLI. La evolución de Calpurnia Tate. Ed. Roca

Calpurnia vive nun pobo de Texas. A súa mamá quere que aprenda a tocar o piano, coser, cociñar,... Pero ela está máis interesada por descubrir que hai detrás da porta pechada da biblioteca ou no laboratorio do avó.

JORDI SIERRA I FABRA. Durmindo sobre os espellos. Ed. Galaxia.


Diego, 19 anos, descobre que o seu avó, a quen cría morto, vive en Cuba. Alí viaxa na procura deses retrincos familiares agochados. Alí topa un vello, unha historia e máis un amor.



BACHARELATO/CICLOS

ISABEL ALLENDE. La isla bajo el mar. Ed. Debolsillo

Unha nena mulata de 9 anos é vendida como escrava ó dono dunha plantación de azúcar de Santo Domingo. Arité encarna a loita contra a explotación de escravos na illa no século XVIII, superando todas as dificultades da vida para atopar a felicidade.



Pedro Feijoo
Os fillos do mar



PEDRO FEIJOO. Os fillos do mar. Ed. Xerais.

Trepidante novela ambientada na ría de Vigo. Un xove arquitecto vese envolto nunha perigosa trama. Acción e misterio para todas as idades.

IVÁN GARCÍA CAMPOS. O imposible de desatar. Ed. Galaxia

Retrato da cara oculta da sociedade actual.



PAUL AUSTER
DIARIO DE INVIERNO



PAUL AUSTER. Diario de invierno. Ed. Seix Barral

Libro reflexión sobre a súa propia vida.